



Retallos de mundo: Vilas e aldeas asolagadas polo encoro de Belesar

19 de xaneiro 2025 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-vilas-aldeas-asolagadas-encoro-belesar_502687_102.html

Resúltame un tanto difícil dar con palabras acaídas para describir as moitas visitas que fixen a unha serie de lugares tan efémeros que realmente só existiron ao longo do **cálido e seco verán do ano 2011**, e foron quen de me convidar a sentir a estraña sensación de **camiñar por un espazo que levaba moito tempo diluído** nas arrevesadas sombras da memoria.

No ano 1963, curiosamente o mesmo do meu nacemento, empezaron a encherse de auga as terras nas **ribeiras do río Miño** na provincia de **Lugo** afectadas polo **encoro de Belesar**, que no seu punto máis fondo acada os cento trinta e cinco metros de profundidade e ten unha cola de cincuenta quilómetros que se estende polos **concellos de Taboada, Chantada, o Saviñao, Paradel, O Páramo, Guntín e Portomarín**, nos que anegou case dúas mil hectáreas de terras fértiles, incluídas moitas viñas centenarias que producían viños de enorme calidade, e supuxo a desaparición de máis dunha vintena de vilas e aldeas nas que vivía unha boa cantidade de poboación que se viu forzada a un inevitábel traslado por mor do asolagamento definitivo dos lugares nos que vivía, con nomes como **Portomeñe, Mourulle, Currelos, Ferreiroá, Seixón, Ribó, A Viña, Portomarín ou Castro Candaz**, entre moitos outros que, quizais, quen sabe, se agora non estarán habitados polos xacios, esas criaturas misteriosas que disque viven no fondo de moitos ríos e son medio peixes e medio humanos.

No mes de xuño de 2011 a compañía operadora da central hidroeléctrica que explota o encoro procedeu ao seu **baleirado total** para, polo visto, ver de reparar un fallo na estrutura da súa inmensa parede de formigón, levantada no lugar de **Belesar, entre os concellos de Chantada e O Saviñao**.

Ese foi o momento en que, atraído pola singularidade do que me parecía que estaba a acontecer, decidín dar comezo a unha longa serie de visitas que se estenderon dende xuño até outubro dese ano e me permitiron ir descubrindo varios lugares que ficaran para sempre **desaparecidos baixo o peso inclemente das augas** e a estrema turbidez dos lodos diluídos nelas, e que naquel momento, transcorridos corenta e oito longos anos despois do seu asolagamento definitivo, volvían ver a luz, convertidos en ruínas escuras e de aspecto un tanto fantasmal, para amosar o que quedaba das súas personalidades para sempre perdidas, unhas desoladoras ruínas que me levaron a incluír as seguintes palabras nun dos diálogos entre os dous personaxes que camiñan

pola praia da miña novela *A rotura das paisaxes* mentres dedican o seu tempo a **manter interminábeis conversas**: *Todo canto levaba unha morea de anos (...) oculto debaixo daquela inmensa masa de auga volveu aparecer na superficie; casas que xa ninguén habitaba nin volvería habitar endexamais, pontes, estradas e camiños cubertos de lamas escuras que xa nunca máis levarían a ningures, troncos resecos que podreceron no que nalgún momento foran fragas, valados de pedra que separaban leiras de cultivo onde xa nada se podería volver a cultivar... e silencio, un silencio bastante difícil de aturar que enchía unha paisaxe (...) de absoluta desolación.*

Baixamos cara a unha aldea, ou ao que algún día fora unha aldea, (...) e agora só era unha paisaxe incualificábel de paredes de casas sen tellado habitadas pola lama e a tristura.

O principal problema que tiveron que resolver cando dei comezo a estas visitas foi que os lugares aos que pretendía achegarme hai moito tempo que **non existen nos mapas** porque o seu espazo está agora ocupado por unha enorme masa de auga, e **tampouco hai rastro ningún da súa existencia nos distintos sistemas de localización**, polo que me vin na obriga de andar todo o tempo a preguntar polo xeito de chegar a eles a través dun mundo de lodos resecos que ocultaran para sempre as pistas, os camiños e as estradas.

Comecei as miñas visitas pola **aldea de Porto**, da que só quedaban en pé as paredes ennegrecidas dalgunhas casas de pedra, unha delas cun fermoso balcón de ferro que quizais no pasado tivo vistas a un vizoso val no que abundaban as terras de cultivo e agora só se asomaba a un deserto que se me facía interminábel. Do que fora a presenza humana no lugar apenas ficaban **unha pota e unha tixola oxidadas** e case enterradas baixo un lodo repleto de cadáveres de caranguexos de río que morreran queimados polo sol cando o seu mundo de auga desaparecera.

Outro día achegueime a un dos lugares que máis fonda impresión me causou, a **aldea de Mourulle**, á que corenta e oito anos antes se chegaba a través dunha estrada repleta de curvas que serpeaba costa abaixo cara a unha **ponte sobre o río Miño** que fora construída por presos logo da Guerra Civil e acabara para sempre sepultada e esquecida debaixo das augas. A pé dela estiven a falar cun vello a quen o seu fillo levara ao lugar porque vivira na aldea que eu ía visitar deseguido e fora testemuña da construción da ponte, e o seu relato cargado de saudades exerceu sobre min un impacto de tal calibre que cando por fin me vin chantado diante das ruínas da vella igrexa de Mourulle, xunto á que había unha tumba perdida no que supoño que fora o pequeno cemiterio parroquial, non me custou ningún traballo imaxinar o que puido ser o ritmo da vida a se abrir camiño **entre casas agora destruídas e comestas polos lodos agrisados**.

A antiga **aldea de Portomeñe** foi o lugar ao que máis traballo me custou chegar, porque estaba no fondo do que foi un val que imaxino cheo de verdor, as súas casas construídas ao pé dun enorme penedo polo que caía unha fervenza e que os habitantes do lugar disque coñecían como "**a pedra das horas**", xa que, segundo o sol a iluminaba, podían saber en que momento do día se atopaban.

Contáronme que cando se viron obrigados a abandonar para sempre os seus fogares, fixérono tan enfadados polos **poucos cartos** que se lles pagaran polas expropiacións que, malpocados, decidiron pechar as portas con chave para que ninguén puidese entrar, o que provocou que o interior das vivendas, protexido das correntes das augas do encoro, ficase para sempre case intacto, e por iso puideron descubrir **tarteiras abandonadas enriba dunha cociña de ferro**, e tamén un par de botas pechadas na parte baixa do que fora un armario, e mesmo unha lata de atún sen abrir e varias botellas de viño tinto pousadas no que ficaba dunha lacena, que me levaron a pensar que os antigos ocupantes daquela casa debían de levar moita présa no

momento de marchar, algo que me asegurou unha persoa coa que puiden falar e que me contou que a aldea de Portomeñe **fora desaloxada cando a auga xa alcanzaba varios palmos de altura.**

Moi preto deste lugar, nunha beira do antigo curso do río Miño, aínda seguía en pé, cuberta polo seu vello tellado, unha edificación coñecida como **o muiño do Xián**, que, como ben puiden comprobar, conservaba no seu interior as moas utilizadas para fabricar unha fariña que con total seguridade servía para **cocer o pan nos moitos fornos de leña** das casas dos arredores, que no momento do asolagamento carecían de electricidade, o que me levou a pensar no paradoxo de que desapareceran para sempre por mor da presión exercida por unha empresa hidroeléctrica.

Entre visita e visita a estes lugares tan impresionantes, ao longo daquel verán de 2011 puiden camiñar polo que fora a **vella vila medieval de Portomarín**, que aínda conservaba unha parte do palco da música onde se facían as verbenas das festas e tiña unha igrexa que foi trasladada pedra a pedra ao seu emprazamento actual, ou tamén a fermosa **aldea de Castro Candaz**, que acollía un poboado castrexo levantado no cumio dun monte convertido nunha sorte de illa en medio das augas do encoro, pero ao que naquel verán se podía acceder andando.

Camiñei moitas veces entre troncos de árbores podrecidos pero aínda orgullosamente dereitos, pasei por socalcos nos que seguían en pé os restos dunhas viñas que nunca máis puideron dar froito, e vin pozos moi profundos, e tamén as estruturas dunha **boa chea de hórreos**, e o que quedaba dun carro de madeira apoiado contra o muro dunha finca, e mesmo o **campanario dunha ermida** que aínda conservaba unha campá que levaba corenta e oito anos sen poder dar badaladas.

Levoume moito tempo ordenar nas miñas anotacións de viaxe todas as experiencias vividas ao longo daquel verán no que a memoria aflorou de **debaixo das augas dun encoro** que asolagou para sempre as vivencias de quen sabe cantas persoas que vivían ao longo de arredor de cincuenta quilómetros das ribeiras do río Miño e me fixeron sentir que fora testemuña dunha **experiencia única** que case con total seguridade non vou ser quen de repetir.

© [Xesús Constela, 2025](#)